

# Esta noite coñecerase ó mellor deportista ferrolán Iván Rouco, Abascal e Gómez Noya, candidatos á Carabela de Prata

Redacción • Ferrol

Entre tres xoves promesas do deporte, Iván Rouco, Joaquín Abascal e Francisco Javier Gómez Noya, atopárase esta noite o nome do que se convertirá no novo posuidor da tan preciada Carabela de Prata, agasallo que acreditará ó seu receptor como o mellor deportista ferrolán da pasada tempada.

O polifacético artista ourensán, e ata hai pouco un dos integrantes do recén desaparecido e exitoso programa televisivo "Caiga quien Caiga", Serxio Pazos, asumirá hoxe o papel de presentador no transcurso da XI Gala do Deporte de Ferrol, que desde as 21.30 horas congregará nas instalacións de FIMO a un concurrido auditorio do mundo do deporte da cidade.

No propio Pazos recaerá polo tanto a tarefa de desvelar, no intre final da celebración, o nome do gañador final, que responderá ós votos emitidos e introducidos nun sobre lacrado por cada un dos integrantes dun xurado composto polo anterior concelleiro de Deportes, Fernando Blanco, e o xerente do Patronato, Juan Muñiz, así coma un total de catro xornalistas de distintos medios de comunicación da cidade.

Unha vez feita a entrega das distintas mencións ós premiados en cada unha das modali-

dades deportivas, chegarase ó momento de máxima tensión. Entón tódalas miradas estarán postas nos tres finalistas da Gala. Tanto o deportista do Club Halterofilia Ferrol, Iván Rouco, coma o nadador do Club Marina Ferrol Joaquín Abascal e o triatleta Francisco Javier Gómez Noya, teñen argumentos máis que suficientes para optar ó máximo galardón, ó que contribúe a dotar de gran tensión e intriga o intre do fallo final.

Para cada un dos tres candidatos, o acto de hoxe convertírase nun brevisimo paréntese nos seus respectivos compro-

misos. De feito, tanto Javier Gómez Noya coma Joaquín Abascal terán que desprazarse ata FIMO dende Santiago, lugar no que hoxe comenza o Campeonato Galego Absoluto de Natación ó que acuden como integrantes do equipo do Natación Ferrol e do Marina respectivamente, una competición que continuará mañá e o domingo. Pola súa banda, Iván Rouco, que na actualidade atópase becado na residencia Blume de Madrid, chegará dende a capital española case co tempo xusto para estar presente á undécima edición da Gala do Deporte de Ferrol.

PREMIOS ESPECIALES	
<b>Finalistas</b>	
Iván Rouco Carballo	Club Halterofilia Ferrol
F. Javier Gómez Noya	Club Fluvial-Seur (Lugo)
Joaquín Abascal Gallegos	Club Marina Ferrol
<b>Mellores promesas</b>	
Cristina Pérez García	Club Atletismo Ría Ferrol
Mateo Bruquetas Fonticoba	Club Marina Ferrol
<b>Mencións especiais</b>	
Arantxa Gómez	Yaya María Breogán
Laru Rodríguez Díaz	Judo Club Ferrol
Noé Teijeiro Fernández	Club Arenas Oviedo
Luis Rodríguez Fernández	Océano Surf Club
Olaia Ses Cruz	Ibáñez Martín
Carmen Polo	
Asoc. Sociocultural Minusválidos	
Gedís	
<b>Vieja Gloria</b>	
Alfredo Vergara López	Ferrándiz
<b>Mejor club promoción de base</b>	
Judo Club Mariña	

Premios por especialidad		
DEPORTE	GAÑADOR	CLUB
Act.Subacuáticas	Antonio Lata Lafuente	Club del Mar
Atletismo	Begoña Garrido Barro	Club Ría Ferrol
	Juan Antonio Bogo Díaz	Sierra Narón
Automodelismo	José Ángel Casás	Club Carle
Automobilismo	Pedro Burgo	Escudería Ferrol
Baloncesto	Mª Teresa Touza	Club Universitario
	Armenio Pazos	CB San Rosendo
Balonmán	Iago Muíña	Academia Octavio
Dep. Minusválidos	Álvaro Illobre	ADM
Fútbol	Pablo Rodríguez	Racing Club Ferrol
Fútbol Sala	Mª del Pilar Costa	Valdetres Ferrol
	Mario David Pérez	Forum Ferrol
Hípica	Itziar Eirín Torreiro	Club Casas Novas
	Alberto Pérez	Club Los Gavilanes
Judo	Sabela Delgado	Judo Club Mariña
	Carlos Fernández	Judo Bitágora Ferrol
Kaiak-Polo	Raquel Ramos Cancela	Club Náutico Urdia
	Hugo González	Club Copacabana
Karate	Carlos Ramón Vázquez	Renbukan
Montañismo	Félix Cerqueira	Club Montaña Ferrol
Natación	Belén Loureiro Amor	Club Marina Ferrol
	Alberto Fernández	Club Marina Ferrol
Patinaxe	Lara Ramos	Club Raiola
	Yeray Daza	Club Pirueta
Remo	Tripulación xuvenil feminina de yolas	Club Remo S. Felipe
	Luisa Mª Fernández, Mónica García e Irene López	
Surf	Paula Pazos	Océano Surf Club
	Julián González	Océano Surf Club
Tenis de Mesa	Carla Fernández	Club Ferrol
	Andrés Felipe Suspes	Club Ferrol
Tiro Olímpico	Román Muñiz	Club El Castro
Triatlón	José Formoso	Club Natación Ferrol
Vela	Carlos Cotovad	Club Náutico Ferrol
Voleibol	José Luis Goti	Club Vagalume
Waterpolo	Yago Vieslas Melzo	Club Marina Ferrol
Xadrez	Antonio Pazos	Círculo Ferrolano
Gimnasia Artística	Catarina García	Club Ibáñez Martín
	Xela Cunha	Club Esquio

# Cedeira celebra mañá a Gala do Deporte

Redacción • Ferrol

Os deportistas serán mañá os auténticos protagonistas en Cedeira, unha vila que un ano máis tentará vesti-las súas mellores galas para ofrecer unha merecida homenaxe ós máis destacados en cada unha das especialidades, así coma ás persoas e entidades que ano tras ano traballan en prol do deporte cedeirés.

O restaurante O Sálvora convertírase no marco de celebración dun acto que comezará a partir das 21.00 horas e no que se ten previsto unha asistencia de preto de 300 persoas. A proxección dun vídeo con breves reseñas da traxectoria debuxada no último ano por cada un dos premiados acompañará a entrega dos respectivos galardóns, algúns dos cales recaerán nas mans de actuais campeóns de España, como é o caso da xogadora de bádminton Mercedes Díaz Fernández, que ostenta o título estatal na categoría de veteranas.

Moito máis fresco está o recén campionato de España acadado polo xove taekwondista cedeirés Bruno García, que a pasada fin de semana facíase na localidade malagueña de

Fuengirola coa medalla de ouro na categoría de peso minimosca, ó que lle permitía entrar directamente na lista de convocados para tomar parte coa selección española no Europeo junior a disputar en Grecia no vindeiro mes de marzo.

No caso do mencionado na modalidade de natación, Adrián Blanco, trátase dun xove nadador que actualmente está becado pola Xunta de Galicia cunha praza no Centro de Tecnificación de Pontevedra.

### Segredo

Outros sete destacados deportistas acaban de configurarl a lista de premiados nos diversos deportes, de entre os que sairá o nome do mellor deportista do ano, unha mención que se manterá en segredo ata o final

Premios		
DEPORTE	GAÑADOR	CLUB
Natación	Adrián Blanco Pérez	CN Cedeira
Bádminton	Mercedes Díaz Fernández	B. Cedeira
	Héctor Aneiros	Bádminton Cedeira
Baloncesto	José Armada Anido	Baloncesto Cedeira
Deportes Adaptados	Melisa Ares Boo	Club Apader
Hockey patina	Victor Pérez Pérez	Hockey Cedeira
Fútbol	Armando Rodríguez Cheda	S.D. Cedeira
Taekwondo	Bianca Rodríguez López	Taekwondo Cedeira
	Bruno García Fernández	Taekwondo Cedeira
Remo	Francisco Romero Loureiro	Remo Cedeira
<b>PATROCINADORES</b>		
Hermanos García Yáñez, patrocinadores do CN Cedeira.		
Bohemio and Pomerand SL, patrocinador do Bádminton Cedeira		
Mimo y Villamovo, patrocinador do Remo Cedeira		
Ortega Baño, patrocinador do Hockey Cedeira		
Constru-Porto SL, patrocinador da SD Cedeira		
Pescados Muñños, patrocinador de Apader		
<b>Mención Especial</b>		
Rodrigo Tomás Bellas, pola súa traxectoria deportiva na SD Cedeira		

da festa. Ademais do recoñecemento ós patrocinadores dos clubes da vila cedeiresa, haberá unha mención especial a Rodrigo Tomás Bellas pola súa tra-

xectoria deportiva como xogador durante moitos anos do equipo de fútbol de Cedeira, se ben na actualidade dirixe ó conxunto do Moeche.

## Visita de campións

Ademais do alcalde de Cedeira, Xoan Xosé Rodríguez Pérez e do presidente do Patronato de Deportes da vila, Xosé Antón Muíño Vilela, a Gala contará con dous convidados de excepción e que comparten a súa paixón e afección por un mesmo deporte: o taekwondo. O coruñés Francisco Zas Couce, olímpico en Sidney e actual campión do mundo nesta modalidade, así coma o tamén deportista galego Marco Carreira Corredoira, bicampión de España de taekwondo, estarán presentes no evento que pretende convertirse nun auténtico homenaxe ó deporte da vila cedeiresa.